



## INFORMACIÓN DE TRÁMITES DE SERVIZOS SOCIAIS

### AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAIS

O obxecto destas axudas e o outorgamento dunha prestación non periódica de carácter económico destinada a sufragar gastos específicos de carácter extraordinario, necesarios para previr, evitar ou paliar situacións carenciais, urxencias sociais ou situacións de marxinação social.

#### PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDO

Están dirixidas a persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios e nas que concorran factores de risco, sendo sempre un apoio á intervención social.

Para a concesión de axudas económicas teranse que cumprir os seguintes criterios xerais:

Situacións acreditadas de necesidade.

b) Que a necesidade obxecto da axuda estea valorada por un técnico de servizos sociais e integrada nun proceso de intervención social.

O pago da axuda efectuarase sempre á entidade ou profesional prestador do servizo. Se poderá excepcionalmente este criterio nos casos debidamente xustificadas no expediente para a cobertura de necesidades básicas como roupa, alimentos ou outras que poderían ser aboadas ao solicitante

#### REQUISITOS

1. Ser maior de idade ou menor emancipado con cargas familiares, entendendo como tal a situación na que o futuro beneficiario teña menores que estean ao seu cargo.
2. Estar empadroado no municipio de Monforte de Lemos de forma ininterrompida ao menos con 6 meses de antigüidade. Excepcionalmente poderán ser beneficiarios, previo informe dos técnicos municipais de servizos sociais, aquelas persoas que non reunindo os requisitos anteriormente enumerados se atopan en situación de excepcional necesidade.
3. Acreditar a situación de necesidade.

A estes efectos considerase situación de necesidade:

- a) A inexistencia de ingresos suficientes, caracterizados por unha situación temporal de insuficiencia de recursos económicos para cubrilas necesidades primarias.
- b) Necesidades provocadas por causas de forza maior caracterizadas por unha dificultade de cubrir necesidades primarias debido a un acontecemento de carácter imprevisto e excepcional que impida a súa cobertura polos medios habituais.

4. Aportar a documentación requirida en cada caso.
5. Aceptación expresa, por parte do usuario, das condicións que figuran no deseño de intervención social.
6. Acreditar mediante documento de declaración responsable de estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social, así como declaración xurada ou promesa na que se faga constar que non se ten recibido doutros organismos, e para a mesma finalidade, a axuda solicitada.



## SOLICITUDE

Deberán cubrir e presentar a solicitude ao respecto que pode descargarse no apartado [Documentos Adicionais](#).

## DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁN APORTAR

1. Fotocopia do DNI ou documento oficial acreditativo da identidade do/a solicitante.
2. Certificado de convivencia e residencia no Concello.
3. Acreditación dos ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar a través de:
  - a) Nóminas, recibos, xustificantes de pensións, certificados do INEM, da Seguridade Social ou calquera outro documento que acredite os ingresos da persoa ou unidade familiar.
  - b) Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificado negativo da Axencia Tributaria de non estar obrigado/a a declarar.
4. Autorización de datos da conta bancaria.
5. Documentos acreditativos da situación de necesidade determinantes da solicitude que deben ser orixinais e se precisan devolución, indicar nestes que se ten concedido a axuda para o seu pago, así como xustificante do seu custe ou orzamento.
6. Calquera outro documento que podan solicitar os servizos sociais.

## PRAZO

O prazo está aberto durante todo o ano.

## CITA (por teléfono, persoalmente ou por correo electrónico)

**Estamos en:** Rúa Ricardo Quiroga, s/n  
27400 Monforte de Lemos  
☎ 982 416 541 ✉ [servizossociais@concellodemonforte.com](mailto:servizossociais@concellodemonforte.com)  
📠 982 416 357  
🌐 [www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es) (Áreas Municipais → Servizos Sociais)  
🕒 Luns a Venres de 09:00 a 14:00 horas

## LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes, xunto coa documentación, pódense presentar destas dúas formas:

- No Rexistro Xeral do Concello (Casa do Concello de Monforte de Lemos - Campo de San Antonio, s/n)
- A través dalgunha das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

## NORMATIVA

ORDENANZA MUNICIPAL DE EMERXENCIA SOCIAL BOP - Mércores, 11 de Marzo de 2009 - Núm. 057